

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 13 de xaneiro de 2009 pola que se resolve a convocatoria da III Edición dos premios á calidade dos materiais didácticos, orientados a distinguir os mellores materiais didácticos no eido da formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, en calquera soporte impreso ou dixital.

Por Resolución do 22 de outubro de 2008 (DOG nº 210, do 29 de outubro) a Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP) convocou a III Edición dos premios á calidade dos materiais didácticos, orientados a distinguir os mellores materiais didácticos no eido da formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, en calquera soporte impreso ou dixital.

Vista a proposta formulada por un xurado e de conformidade coa base sexta da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.-Excluír os traballos titulados *Obradoiro de expresión e acción e Unidades didácticas intelectuais* por incumprimento da base 1ª da convocatoria: «non entrará aquel material especificamente dirixido a persoal sanitario e/ou docente»; e outorgar os premios á calidade dos materiais didácticos do ano 2008 ás obras tituladas:

1º premio dotado con 4.000 €.

-*Taller de contratación administrativa*, cuxos autores son Manuel Pillado Quintáns, Beatriz Allegue Requeijo, José Mª Barreiro Díaz e Joaquín Macho Canales.

2º premio dotado con 2.000 €.

-*Curso on-line da nova Lei de contratos co sector público*, cuxa autoría corresponde á Fundación de Estudos e Análises.

3º premio dotado con 1.000 € para cada un.

-*Taller de subvencións*, cuxos autores son Mª Isabel Novo Castro, Antonio Manuel López Miño, Miguel Corgos López-Prado e Elena Muñoz Fontériz.

-*Informes de avaliación e seguimento da renda de integración social de Galicia e das axudas para situacións de emerxencia social*, cuxa autora é Mª Elena Mugerza Martínez.

Segundo.-O importe destes premios aboarase con cargo á dotación prevista na partida 06.80.122B.480.0 dos orzamentos da EGAP para o ano 2008.

Terceiro.-A composición nominal do xurado foi a seguinte:

Presidente: Javier Corrales Piquero, secretario xeral da EGAP.

Vogais: Pilar Couto Cantero, profesora do Departamento de Didáctica da Lingua e da Literatura da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña; José Antonio Fernández López, xefe do Servizo de Formación da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); e Reyes Gámez Guardiola, xefa do Servizo de Selección, Formación, Perfeccionamento e Especialización do Persoal da Administración Autonómica (EGAP).

Secretaria: Pilar Romero Rodríguez, xefa do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da EGAP.

Cuarto.-Contra esta resolución e os actos administrativos derivados dela, que poñen fin á vía administrativa, só se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do potestativo recurso de reposición previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2009.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración
Pública

VALEDOR DO POBO

Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se convoca o concurso de cómics ¿Que é para ti o Valedor do Pobo?

Con motivo de cumprirse, o próximo mes de xuño de 2009, o XXV aniversario da aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei reguladora da institución do Valedor do Pobo, estímase procedente, no marco dos actos conmemorativos que se van organizar, dedicar un deles ao ámbito dos menores e á tutela dos seus dereitos, co obxecto de promover un maior e máis amplo coñecemento da figura do Valedor do Pobo entre a cidadanía.

Esta convocatoria ten por finalidade mostrar aos alumnos a identidade e funcións do Valedor do Pobo, en gran medida descoñecidas ou non correctamente percibidas por aqueles, colaborando dese modo cos profesores e centros educativos no labor de formación que ambos teñen asignados.

En definitiva, trátase de divulgar entre os alumnos o significado, actuación e funcións do Valedor do Pobo.

Por todo iso,

RESOLVO:

1. Convocar o concurso *¿Que é para ti o Valedor do Pobo?*

2. Aprobar as bases que rexerán o dito concurso e que figuran como anexo a esta resolución.